DEPUTACIÓN DE LUGO

ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:
Dª. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:
D. Efrén Castro Caloto
Dª. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

Secretario:
D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de outubro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. deputada Dª. Iria Castro Fernández.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	1/92

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de outubro de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARATOS ELEVADORES NOS DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, 2026/CON_02/000092, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato e orde de inicio, con CSV: IV77VXD3JLVMXBF2W5NCI5QACM.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura con CSV: IV77VXD3LYMJJL7MADQNKN7RDY.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77UPP73VWTJHZOSU44G72R44.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77XXY3FLVZTWGDYJGT67XWKM.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV77XXY6ZUF5LWHLUAAD4Y77MI.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV77QTIJH3RP2W5DSYXRCMJBAM.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento de aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, expediente 2026/CON_02/000092, con duración de dous anos, prorrogable por outros dous anos mais de ano en ano (2+1+1).

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	2/92

criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, para unha duración de dous anos, que ascende a 24.000,00€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040,00 €, o que fai un total de 29.040,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.
O importe do contrato ascende a 29.040,00 €, IVE engadido, e financiase de acordo o seguinte detalle:

CENTRO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2027	Document o contable RC	ANO 2028	Document o contable RC
PAZO PROVINCIAL 2 ASC.	9200.212	3.484,80	220269/444	3.484,80	220269/444
SANTA MARÍA, 2 ASC.	9320.212	3.484,80	220269/445	3.484,80	220269/445
Museo Provincial, 1 ASC.	3330.212	1.742,40	220269/446	1.742,40	220269/446
STO. ÁNGEL (Escola Imaxe e Son) 1 ASC. + 1 PLAT.	3241.212	2.904,00	220269/447	2.904,00	220269/447
EDIFICIO PRAZA SAN MARCOS Nº11, 1 ASC.	9330.212	1.742,40	220269/448	1.742,40	220269/448
Museo do Pazo de Tor, 1 PLAT.	3332.212	1.161,60	220269/449	1.161,60	220269/449
	TOTAIS	14.520,00		14.520,00	Total 29.040,00

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.
A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2027 e 2028 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas".

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	3/92

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO INDUSTRIAL DE COCIÑA COLECTIVA E ADAPTACIÓN COMPLETA DAS SÚAS INSTALACIÓNS NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE BECERREÁ.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 09 de outubro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"ANTECEDENTES:
1. Proposta de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7662SPLT6DLRF5WZIMMPR7MA*1*.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7662SLDYU5ZKZC44QSEZTSMM.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV766XHNLU55VL625QGVOYJO6Y.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7666SNLRX5KTRLYYQ4C4DW6M.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7666S3CAX52T7JUB7DL4POPY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7666S3CAX52T7JUB7DL4POPY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7664PNN76ITFFJ4MQQFZJDOY.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 31 de xullo de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV766PIKPRU2TGO7QHQQEERQ44.
9. Anuncio de licitación enviado ao DOUE o día 04 de agosto de 2026.
10. Anuncio de licitación publicado o 05 de agosto de 2026 na Plataforma de Contratos do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 10 de setembro de 2026, con CSV IV76GWTMJ3Z2XLP2WANFK5XUEY, na que se recolle o seguinte:
(…) "Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

[1] Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	4/92

LICITADORES	LOTES
JELU HOSTELERÍA SL	1
MARIÑA CLIMA SL	1
SOCOGAS SA	2

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, a Mesa acorda excluír as ofertas que non foron presentadas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, https://contrataciondelestado.es/, lugar de presentación de ofertas exclusivo e excluínte, segundo o disposto no Cadro Resumo do PCAP.
En canto as empresas concorrentes que presentaron a través da Plataforma e dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.
A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LOTE 1

LICITADORES	% BAIXADA PREZO	GARANTÍA
JELU HOSTELERÍA SL	0,3	5
MARIÑA CLIMA SL	6	5

LOTE 2

LICITADORES	% BAIXADA PREZO	GARANTÍA
SOCOGAS SA	10	5

Unha vez realizada a comprobación de que ningunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda, outorgar as seguintes puntuacións:

LOTE 1

LICITADORES	% BAIXADA PREZO	PUNTOS	GARANTÍA	PUNTOS	TOTAL
JELU HOSTELERÍA SL	0,3	4,25	5	15	19,25
MARIÑA CLIMA SL	6	85	5	15	100

LOTE 2

LICITADORES	% BAIXADA PREZO	PUNTOS	GARANTÍA	PUNTOS	TOTAL
	10	85	5	15	100

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	5/92

Á vista dos resultados acadados, a mesa de contratación acorda elevar á Presidencia a seguinte proposta de Resolución:
1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LOTE 1-LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MARIÑA CLIMA SL	100,00
2	JELU HOSTELERÍA SL	19,25
Nº ORDE	LOTE 2- LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SOCOGAS SA	100

2º.- Requirir ás empresas MARIÑA CLIMA S.L. (Lote 1) e SOCOGAS SA (Lote 2) para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

EMPRESA-LOTE	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINTIVA 5%
MARIÑA CLIMA SL LOTE 1	365.045,63	18.252,28
SOCOGAS SA	14.335,62	716,78

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 44.2 da LCSP, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:12 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico".
11.- Resolución de Presidencia do 18 de setembro de 2026, con CSV IV76GOPDDEH3VRN3UHXCAZYS7Y, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e consecuentemente se procede á clasificación e requirimento de documentación administrativa.
12.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 21 de setembro de 2026.
13.- Documentación presentada polas empresas SOCOGAS SA e MARIÑA CLIMA SL

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 09 de outubro de 2026, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que ambas licitadoras presentaron en tempo e forma a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente informe relativo á documentación técnica requirida na cláusula sexta do PPT. Infórmase aos asistentes de que a garantía definitiva do lote 1 se atopa depositada na Tesouraría Provincial pendente de

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	6/92

formalización, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para incorporala ao expediente unha vez evacuado o trámite de formalización.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa MARIÑA CLIMA, SL o lote 1 da contratación da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas instalacións no centro de atención ás persoas maiores de Becerreá. expediente: 2026/con_02/000068, por importe de 365.045,63 euros, aos que se engadirán 76.659,58 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 441.705,21 euros.

2º.- Adxudicar á empresa SOCOGAS, SA o lote 2 da contratación da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas instalacións no centro de atención ás persoas maiores de Becerreá. expediente: 2026/con_02/000068, por importe de 14.335,62 euros, aos que se engadirán 3.010,48 euros en concepto de IVE, o quer ascende a un total de 17.346,10 euros.

3º.-Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos".

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Adxudicar á empresa MARIÑA CLIMA, SL o lote 1 da contratación da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas instalacións no centro de atención ás persoas maiores de Becerreá. expediente: 2026/con_02/000068, por importe de 365.045,63 euros, aos que se engadirán 76.659,58 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 441.705,21 euros, cunha porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios máximos que se recollen no Anexo III da memoria xustificativa do contrato dun 6 % e un prazo de garantía de cinco anos.

2º.- Adxudicar á empresa SOCOGAS, SA o lote 2 da contratación da subministración do equipamento industrial de cociña colectiva e adaptación completa das súas

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	7/92

instalacións no centro de atención ás persoas maiores de Becerreá. expediente: 2026/con_02/000068, por importe de 14.335,62 euros, aos que se engadirán 3.010,48 euros en concepto de IVE, o quer ascende a un total de 17.346,10 euros, cunha porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios máximo que se recollen no Anexo III da memoria xustificativa do contrato dun 10 % e un prazo de garantía de cinco anos.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: FRIOL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-2109 "Devesa (LU-232)- Gonce – Vilafiz", p.k. 0+000 a 5+828 e LU-P-2121 "Cotá (LU-234) – Agruña - LU-P-1611", p.k. 0+000 a 3+493.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: FRIOL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-2109 "Devesa (LU-232)- Gonce – Vilafiz", p.k. 0+000 a 5+828 e LU-P-2121 "Cotá (LU-234) – Agruña - LU-P-1611", p.k. 0+000 a 3+493, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV77WGXYF4RMST4DAIHDAE3GAE[1].
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77WGXPP45IZKPI4QWWIBZWKU.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	8/92

3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV77WGXPH3V2RZJJU37RCUTDMM.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV77WGXMOB5OX6MT44HACYXBDY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77WG2DJAEI3OFY6RY4ERSBGM.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77XT37KBB35T6PXVNRH5H7CI.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV77XT2PJ36IVFOJQUIA4V366M.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: FRIOL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-2109 "Devesa (LU-232)- Gonce – Vilafiz", p.k. 0+000 a 5+828 e LU-P-2121 "Cotá (LU-234) – Agruña - LU-P-1611", p.k. 0+000 a 3+493, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 159.644,19 €, dos cales 27.706,84 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BALEIRA.- Mellora seguridade vial LU-P-0401 "Corveira (LU-710) – Córneas – Restelo (LU-P-0708)" p.k. 11+700 a 15+500.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	9/92

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BALEIRA.- Mellora seguridade vial LU-P-0401 "Corveira (LU-710) – Córneas – Restelo (LU-P-0708)" p.k. 11+700 a 15+500, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV77WHCOBBB5LSOICPYDGUY6OM[1].
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV77WGQNDBU3XCJL3UEFPZYFD4
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV77WGQN3B4CYXUNCHXH6RJHIQ.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV77WGQCBYXPRFPN255DEIDDKE.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV77WG2ZJTWN5GBDDVV4KZYUCA.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV77XT37CBXMXOXO474CJYHSGQ.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV77XT2OCDX5LXGMSEGWF3RHIE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: BALEIRA.- Mellora seguridade vial LU-P-0401 "Corveira (LU-710) – Córneas – Restelo (LU-P-0708)" p.k. 11+700 a 15+500, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 174.014,24 €, dos cales 30.200,82 € corresponden ao IVE (21%), con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	10/92

1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora de captacións de abastecemento de auga de titularidade municipal e honorarios facultativos" no Concello de Ribeira de Piquín. ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:
"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MELLORA DE CAPTACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA DE TITULARIDADE MUNICIPAL E HONORARIOS FACULTATIVOS" NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN. ANO 2026

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/003653) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o Concello de Ribeira de Piquín se solicita a formalización dun convenio para financiar os gastos derivados da execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
MELLORA DE CAPTACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA DE TITULARIDADE MUNICIPAL E HONORARIOS FACULTATIVOS	48.663,08 €

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	11/92

territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	12/92

da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	13/92

subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
-Réxime de modificación do convenio.
-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	14/92

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMA.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEGUNDA. Pola súa banda, o Municipio de Ribeira de Piquín, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	15/92

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 (cuxo convenio tipo aprobado recolle a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación)

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 45.112,88€, na aplicación orzamentaria 1610 76200 do vixente Orzamento Xeral.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MELLORA DE CAPTACIÓNS DE ABASTECEMENTO DE AUGA DE TITULARIDADE MUNICIPAL E HONORARIOS FACULTATIVOS" NO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN. ANO 2026 por importe total de 48.663,08€ (dos que 45.112,88 € serán financiados pola Deputación de Lugo) con CSV IV77XQAIJ5ZZ4TEP4NEBGR36GY

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 45.112,88 € con cargo á aplicación orzamentaria 1610 76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "Melloras na rede de saneamento de guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	16/92

Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no Concello de Guitiriz, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ (REV.02 FEB/25) E HONORARIOS TÉCNICOS" E "MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO DE GUITIRIZ: REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS EN POZOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, PEREXIL E PORTOPULGO E ACTUACIÓNS NA EDAR DE GUITIRIZ E HONORARIOS TÉCNICOS" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/018807) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 3 de outbro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE GUITIRIZ (REV.02 FEB/25) E HONORARIOS TÉCNICOS" E "MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO DE GUITIRIZ: REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS EN POZOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, PEREXIL E PORTOPULGO E ACTUACIÓNS NA EDAR DE GUITIRIZ E HONORARIOS TÉCNICOS" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe total de 208.049,75 € cuxo contido é o seguinte: (...)
SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 52.165,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "mellora das infraestruturas no parque

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	32/92

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as en
tidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación,

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	33/92

sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor do Concello de Pobra de Brollón, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "Acción Cultural 2026"".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da actuación "San Froilán 2026".

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

"En relación co expediente 2026/PES_03/019349 presentado por don Javier Vázquez Prado, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude en nome e representación do Concello de Lugo, con CIF: P2702800J, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "San Froilán 2026", procede emitir o seguinte INFORME:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de "San Froilán 2026" enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	34/92

establece nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo, apoiado no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), que sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
"Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".
Ademais, o art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local, atribúe competencias ás deputacións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, ou prestar asistencia e cooperación económica aos concellos. Pola súa parte, o art. 109 da LALGA atribúelles ás deputacións competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, e en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de achegas económicas recollida no art. 114.c) da LALGA, ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de "San Froilán 2026", que constitúen unha das principais celebracións festivas e culturais da cidade de Lugo, cunha especial relevancia para a conservación e difusión das tradicións populares, a promoción da cultura e o fomento da participación cidadá.
En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que estas actividades e concertos se enmarcan nas festas patronais de Lugo, e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, así como noutras artes como son o teatro ou a maxia, polo que contribúe a poñer en valor aos nosos artistas e á nosa música tradicional, ademais de constituír un foco de atracción de centos de visitantes á

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	35/92

cidade. Ademais, a organización destas festas require a realización dunha programación plural de actividades culturais musicais, tradicionais e de lecer, así como a disposición dos medios materiais e organizativos necesarios para o seu adecuado desenvolvemento, o que supón un esforzo económico para a Administración municipal.
Este convenio trata de por o énfase no vencello entre pertenza, territorio, identidade e cultura. A cultura non só trata de grandes eventos, senón que debe abranguer tamén actividades cotiás e o partillado do día a día, activos culturais que débense apoiar con maior pulo. Neste contexto, a colaboración entre o Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo permite articular a participación de ambas as entidades no financiamento dunha celebración de interese público, favorecendo a realización de actividades previstas e contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos culturais, sociais e de promoción turística asociados a esta festividade.
En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia na cidade de Lugo, tendo en conta que o San Froilán goza de recoñecemento oficial, dado que foi declarado Festa de Interese Turístico Galego e Festa de Interese Turístico Nacional (dende o ano 2006). Este convenio resulta oportuno pola relevancia cultural, social e turística das festas de San Froilán, que contribúen á dinamización da cidade de Lugo, á participación da veciñanza e á atracción de visitantes, con efectos positivos sobre a actividade económica e comercial e sobre a difusión da identidade cultural lucense.
A subscrición do convenio constitúe, así mesmo, un instrumento adecuado para concretar as condicións da colaboración, determinar os compromisos asumidos por cada unha das partes e establecer as obrigas de xustificación e control da achega económica provincial, garantindo a súa aplicación á finalidade prevista.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire "á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial", de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, "o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia".

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	36/92

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(…)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembros de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Lugo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 6.165,00€, e así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.
Cómpre informar que o texto do convenio contempla a posibilidade de efectuar un pago anticipado a favor da entidade beneficiaria.
En concreto, a cláusula sexta establece que a Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un abono anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80% do importe total financiado, o que supón un anticipo máximo de 40.000,00€.
En consecuencia, queda expresamente acreditado que o convenio habilita a realización do citado anticipo, sen perxuizo do cumprimento pola entidade beneficiaria das restantes obrigas e condicións establecidas no propio convenio e na normativa de aplicación.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	37/92

financiamento de gastos derivados da organización e execución de "San Froilán 2026".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de "San Froilán 2026" por importe total de 56.165,00€.

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "SAN FROILÁN 2026" NO CONCELLO DE LUGO, ANO 2026.
[APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA DE DE 2026]
(asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e, no seu nome, Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia de data 16 de xaneiro de 2026.

Don Javier Vázquez Prado, como Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude no Concello de Lugo, con N.I.F P2702800J e sede social na Praza Maior, 1 CP 27001 - Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	38/92

mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito
público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTO: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	39/92

principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada
Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

QUINTO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	40/92

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	41/92

teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

OITAVO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

NOVENO.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.
Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detallan a continuación:

Actuación Organización e execución da actuación "San Froilán 2026"	CUSTE TOTAL (IVE Engadido)
• Concertos de 9Louro e The Rapants	44.165,00€
• Actividades de cultura tradicional: Mostra de música tradicional galega "Domingo das Mozas"	12.000,00€
CUSTE TOTAL	56.165,00 €

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	42/92

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
50.000,00 €	6.165,00 €
TOTAL: 56.165,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

TERCEIRA.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da actuación "San Froilán 2026" do Concello de Lugo, que conforman unha programación chea de actos culturais de carácter gratuito, como concertos e actuacións de música tradicional, dirixidos a toda a poboación que nos días das festas patronais se achegan á cidade de Lugo.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
-Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
- En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade
4.2. O Concello de Lugo:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo, comprométese ao seguinte:
-Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	43/92

-Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
-O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026
-Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
-Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
-Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
-Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
-Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
-Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
-Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

QUINTA.- Réxime económico.
1.ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Lugo efectuará unha achega de 6.165,00€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
1.TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será de titularidade compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico, económico e social son comúns e benefician ao municipio de Lugo, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.
2.XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	44/92

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
a) Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

SEXTA.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 40.000,00€
Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	45/92

- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	46/92

control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	78/92

2026/CCP_01/001293	José María Fernández Blanco	***5023**	1
2026/CCP_01/001299	Mercedes Fernández López	***0295**	1
2026/CCP_01/001300	Explotaciones Cernada, SC	J27404128	1
2026/CCP_01/001304	Eliseo López Pérez	***1921**	1
2026/PES_03/010158	Oliva Louzara Galán	***6751**	1
2026/CCP_01/001318	Ganadería O Pedregal, CB	E27201243	1
2026/CCP_01/001321	María José Díaz Vila	***2775**	1
2026/CCP_01/001322	José García Varela	***7521**	1
2026/CCP_01/001325	Ana Paz Roca	***4259**	1
2026/CCP_01/001334	Ganadería Arcos, SC	J27466754	1
2026/PES_03/010279	María Ángeles Penas Prado	***1197**	4
2026/CCP_01/001348	José García Varela	***4899**	1
2026/CCP_01/001358	Iago Vázquez Mariño	***4087**	1
2026/CCP_01/001363	Vilar Varela, SC	J27385236	1
2026/CCP_01/001364	Caldeiro Gradín, SC	J27357110	1
2026/CCP_01/001369	Casa Sona, SC	J27338144	1
2026/PES_03/010377	María Fe Argerey Rodríguez	***3460**	1
2026/CCP_01/001370	Rosa María Gómez Torres	***7135**	1
2026/PES_03/010389	Noel Vingolea Rodríguez	***4350**	1
2026/CCP_01/001373	María Esther Valiño Abraira	***2594**	1
2026/CCP_01/001379	Gandeiría Barro, SC	J27442334	1
2026/CCP_01/001385	José Manuel Varela Otero	***7987**	1
2026/CCP_01/001386	Cabo Molmeán, SC	J27517242	2
2026/CCP_01/001397	Eric Castelao López	***8662**	2
2026/CCP_01/001387	Emilio Seijas Castedo	***4711**	2
2026/CCP_01/001388	José Alberto López Díaz	***5326**	2
2026/CCP_01/001389	Ganadería Montero López, SC	J27447994	2
2026/CCP_01/001390	Pablo Losada Álvarez	***8174**	2
2026/CCP_01/001391	José María Fernández Álvarez	***1317**	2
2026/CCP_01/001392	Juan López Nogueira	***5055**	2
2026/CCP_01/001393	María Luisa Arias Pallares	***7520**	2
2026/CCP_01/001394	Santiago Rego Teijeiro	***3666**	2
2026/CCP_01/001395	José Luis Fernández Pérez	***2312**	2
2026/CCP_01/001398	José Antonio Blanco Castro	***1739**	2
2026/CCP_01/001399	Manuel Álvarez Rey	***3431**	2
2026/PES_03/010444	Mercedes Cordero Besteiro	***2779**	2
2026/CCP_01/001400	María Luz Penín Rouco	***7524**	2
2026/CCP_01/001401	Bartolo, SC	E24890709	2
2026/CCP_01/001402	Adrián Vázquez Jaime	***4456**	2
2026/CCP_01/001403	Pestana, SC	J27432988	2
2026/CCP_01/001404	Caseiro, SC	J27380450	2
2026/CCP_01/001405	Manuel Rubio Corral	***4235**	2
2026/PES_03/010463	Jesús Caldeiro Gómez	***7899**	2
2026/CCP_01/001406	Cancela Paredes, SC	J27434265	2
2026/CCP_01/001407	María del Carmen Pereiro García	***0174**	2
2026/CCP_01/001408	Christian Fontal Balboa	***8040**	2
2026/CCP_01/001410	Roberto Andre Iglesias	***7479**	2
2026/PES_03/010506	Oliva Villar López	***7387**	2
2026/PES_03/010507	Servando Freijo Lamas	***6738**	2
2026/CCP_01/001413	Pascual Rey Blanco	***4129**	2

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	79/92

2026/CCP_01/001412	María Luisa Expósito Souto	***7551**	2
2026/CCP_01/001411	Delfina Fernández Fernández	***5595**	2
2026/CCP_01/001414	Jesús Aira Rodríguez	***4916**	2
2026/CCP_01/001415	Inés Bellón Rodríguez	***0680**	2
2026/CCP_01/001417	Jesús Varela Mourelle	***5536**	2
2026/CCP_01/001416	Esther Río Álvarez	***6737**	2
2026/CCP_01/001418	Cervela de Lamas, SC	J27447846	2
2026/CCP_01/001419	Jorge López Conde	***4822**	2
2026/CCP_01/001420	Antonio Ferreiro Ferreiro	***1725**	2
2026/CCP_01/001421	Julio Fole Díaz	***7805**	2

Motivos de desestimación:
1.- Documentación con defectos que precisan ser emendados.
2.- Esgotamento do orzamento.
3.- Base 4: existencia de caracteres eliminatorios; non superación as probas de xenotipado.
4.- Base 4: non ten acreditado o parto antes dos 36 meses.
(...)".

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Estimar as alegacións presentadas polos seguintes solicitantes de subvención, establecendo como data de presentación das súas solicitudes a da presentación das alegacións, por ser o momento no que os expedientes quedaron completos; manténdose as súas solicitudes na relación de solicitudes de subvención desestimadas:

Interesado/a	NIF	Data presentación solicitude subvención
María Amparo Fernández Fernández	***5547**	27/08/2026
María Ángeles Prado Pacín	***2123**	27/08/2026
Eliseo López Pérez	***1921**	02/09/2026
Ganadería Arcos, SC	J27466754	02/09/2026
Iago Vázquez Mariño	***4087**	02/09/2026
María Fe Argerey Rodríguez	***3460**	03/09/2026
Rosa María Gómez Torres	***7135**	03/09/2026
Paz Díaz López	***5897**	04/09/2026
José María Fernández Blanco	***5023**	10/09/2026
Ana Paz Roca	***4259**	10/09/2026
Purificación Castro López	***5538**	10/09/2026
Manuel Antonio Fernández Rodríguez	***4092**	03/09/2026

2º.- Desestimar a alegación presentada por dona Isabel Becerra López, mantendo a súa solicitude na relación de solicitudes de subvención desestimadas.

3º.- Desestimar as alegacións presentadas por dona María Luisa Arias Pallares, dona Inés Bellón Rodríguez, don José Luis Fernández Pérez e don Emilio Seijas Castedo, mantendo as súas solicitudes na relación de solicitudes de subvención desestimadas.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	80/92

4º.- Estimar a alegación presentada por dona Rosa Pérez Carreiras, pasando o importe da súa subvención de 400 a 1.200 €.

5º.- Ditar resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Marela", na anualidade 2025, en favor das beneficiarias, polos animais e nas contías que se relacionan no fundamento de dereito VII do informe que serve de motivación a esta proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 5 da convocatoria.

6º.- Ditar resolución definitiva de desestimación das solicitudes que se relacionan no fundamento de dereito VIII do informe que serve de motivación a esta proposta.

7º.- Notificar este acordo definitivo aos/ás interesados/as, por medio da súa publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA "MORENAS", ANUALIDADE 2026.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 18 de setembro de 2026, adoptou acordo provisional de concesión das subvencións de referencia.
Na relación provisional de solicitudes desestimadas por defectos na documentación presentada atopábanse, entre outros: D.ª Verónica Arias López, D. Ivan Fontal Díaz e a entidade Auga Lavada, SC.
O dito acordo provisional de concesión das subvencións notificouse aos interesados a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 219, do 24 de setembro de 2026, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da dita publicación, para presentar alegacións.

II. Entre o 25 de setembro e o 9 de outubro de 2026 tiveron entrada, no Rexistro Xeral desta Deputación, 3 alegacións ao devandito acordo provisional de concesión das subvencións, subscritos polos solicitantes enumerados no antecedente anterior.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	81/92

III. En relación coas ditas alegacións, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse informe do seguinte teor:
"(…)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. As subvencións que se outorguen pola Deputación regúlanse polo disposto:
- Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS).
- No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (no sucesivo, RLXS).
- Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG).
- Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (no sucesivo, OXS).
- E nas demais normas de Dereito Administrativo.
Porén, a Base 24ª das de execución do Orzamento Xeral Provincial será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesión das subvencións, de acordo co artigo 17.2 da LXS.
Ademais, cómpre ter en conta o establecido, con carácter básico, no artigo 9 da LXS, consonte ao cal:
"(...).
2. Con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei.
3. As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no "Boletín Oficial do Estado" ou no diario oficial correspondente.
(...)".
Do artigo transcrito despréndese que as bases reguladoras son o eixe en torno ao que xira o procedemento de concesión de subvencións por parte de calquera Administración.
Polo tanto, ademais da aludida normativa, formarán parte do réxime xurídico das subvencións cuxas alegacións á resolución provisional aquí se informan as Bases publicadas no BOP de Lugo nº 113, do 20 de maio de 2026.

II. En primeiro lugar, cómpre analizar o réxime de concesión das subvencións cuxa resolución provisional é obxecto das alegacións que dan orixe a este informe, pois, na súa totalidade, reflicten un claro descoñecemento do mesmo.
Tal e como establece a Base 2 das reguladoras das subvencións, o procedemento de concesión tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da LSG, e no artigo 21.5 da OXS, ata esgotar o crédito dispoñible.

Deste xeito, a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, considerándose como data de presentación da solicitude a data na que o expediente estea completo.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	82/92

Por outra banda, a Base 8 establece que as solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.
Pois ben, rematado o prazo de solicitude das subvencións o 4 de xuño do presente, dende este centro xestor, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiveran a documentación esixida na dita Base 7.
A dita instrución levouse a cabo entre o 14 de agosto e o 15 de setembro, realizándose do seguinte xeito: (i) as solicitudes foron revisadas por estrita orde de presentación; (ii) as solicitudes correctamente presentadas foron pasando por orde á relación de propostos/as como beneficiarios/as; (iii) se algunha solicitude adoecía de algún defecto, deixábase pendente para a realización dos requirimentos na mesma data, asegurando, así, a igualdade de trato e oportunidades aos/ás solicitantes.
Con todo, os requirimentos non foron realizados, pois as solicitudes correctamente presentadas esgotaron o orzamento dispoñible para o Programa. É dicir, dende este centro xestor, non se quixo trasladar unha carga aos/ás solicitantes que non remediaría a súa situación (que as súas solicitudes estiveran na relación de solicitudes desestimadas), ao terse esgotado o orzamento coas solicitudes correctamente presentadas dende un primeiro momento.

III. Tendo en conta o anterior, cómpre analizar, agora, as alegacións presentadas, que, no fondo, son substancialmente iguais:

Expediente	Data presentación	Interesado/a	NIF
2026/PES_03/018149	24/09/2026	D.ª Verónica Arias López	***4169**
2026/PES_03/018375	28/09/2026	D. Iván Fontal Díaz	***6104**
2026/PES_03/019298	08/10/2026	Auga Lavada, SC	J32481079

No caso de D.ª Verónica Arias López, que figuraba na relación de solicitudes provisionalmente desestimadas polo motivo número 1 (Documentación defectuosa); no seu escrito, expón que procede a emendar os erros e que solicita que se teña en conta a nova documentación que presenta.
É dicir, que, de ser correcta esta nova documentación, a data na que a súa solicitude quedaría completa sería a de presentación da alegación, isto é, o 24 de setembro de 2026.
No caso de D. Iván Fontal Díaz, que tamén figuraba na relación de solicitude provisionalmente desestimadas polo motivo número 1 (Documentación defectuosa); no seu escrito de alegacións, solicita que se indique, de maneira concreta e individualizada, cal é o documento, dato ou requisito que a Deputación Provincial de Lugo considera defectuoso.
Dende este centro xestor, observouse que na solicitude de subvención presentada por este, o 22 de maio do presente, non figuraba o anexo IV requirido na convocatoria, que contén unha declaración responsable conxunta (relativa ao cumprimento de

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	83/92

distintas obrigas), necesaria para poder obter a condición de beneficiario de subvención.
Finalmente, na alegación presentada pola representante da entidade Auga Lavada, SC (que tamén figuraba na relación de solicitude provisionalmente desestimadas polo motivo número 1 - Documentación defectuosa -), solicítase que se teña esta por presentada, e que se declare a nulidade, se anule ou se deixe sen efecto a resolución recorrida e se dite nova resolución pola que se conceda a axuda no seu día solicitada.
Neste caso, dende este centro xestor, observouse que na solicitude de subvención presentada por esta, o 26 de maio do presente, non figuraban os anexos II e IV, requiridos na convocatoria.
É dicir, as tres alegacións, con distintos fundamentos, son esencialmente iguais no fondo: pretenden emendar os defectos existentes nas solicitudes iniciais de subvención.
Pois ben, en aplicación dos principios de actuación que deben guiar a actuación das Administracións Públicas, ao meu xuízo, folga entrar a analizar, punto por punto, os escritos de alegacións presentados, pois abordan cuestións xuridicamente complexas que non é necesario analizar, se se parte dunha norma fundamental (contida nas Bases reguladoras das subvencións) que é, como se viu no fundamento anterior, a de que: considerarase como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.
Neste senso, resultan de relevancia dous fitos: (i) a instrución do procedemento de concesión das subvencións comezou o día 14 de agosto e (ii) a última solicitude de subvención estimada –antes de esgotarse o orzamento- é de data 3 de xuño.
É dicir, se as solicitudes de subvención inicialmente presentadas que cumpriron con todos os requisitos establecidos na convocatoria foron suficientes para esgotar o orzamento do Programa, a aplicación da antes citada norma (prevista nas Bases 2 e 8) fixo innecesaria a realización de ningún requirimento, pois esta sería unha carga, tanto para a Administración como para os interesados, que non tería ningún efecto práctico, ao estar o orzamento esgotado coas solicitudes inicialmente presentadas.
En conclusión, as tres alegacións presentadas deben ser desestimadas.

IV. Finalizado o trámite de audiencia sen presentarse máis alegacións, e tendo en conta o exposto nos apartados anteriores, a relación definitiva dos/as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarios/as das subvencións de referencia son os/as interesados/as dos expedientes, para os animais e polos importes que se relacionan na resolución publicada no BOP de Lugo nº 219, do 24 de setembro.

V. Do mesmo xeito, a relación definitiva dos/as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarios/as das subvencións é a que figura na dita resolución.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por dona Verónica Arias López, don Iván Fontal Díaz, e pola representante da entidade Auga Lavada, SC, mantendo as súas solicitudes na relación de solicitudes de subvención desestimadas.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	84/92

2º.- Ditar resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Morenas", anualidade 2026, en favor das beneficiarias, polos animais e nas contías que se relacionan no Acordo do 18 de setembro de 2026, publicado no BOP de Lugo do 24 de setembro do mesmo ano.

3º.- Ditar resolución definitiva de desestimación das solicitudes que se relacionan no Acordo citado no punto anterior.

4º.- Notificar este acordo definitivo aos/ás interesados/as, por medio da súa publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2025/2026.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Bolsas de Estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao curso académico 2025-2026, de conformidade co artigo 56 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 53 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015 e a modificación dos tramos salariais establecidos para o cálculo das contías das axudas, acordada de xeito unánime pola representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 26 de outubro do

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	85/92

2023; proponse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO ANO 2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao ano 2025, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSIF e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; proponse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante, a Xunta de Goberno acordará o que considere máis oportuno".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- Dación de conta e cumprimento da Sentenza nº 164/2026, de data 27 de agosto de 2026, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000005/2026.

Dase conta do Procedemento Abreviado 0000005/2026 seguido a instancia do Concello de Ribadeo fronte ó seguinte acto administrativo: "Resolución dictada por el Sr. Presidente de la Diputación Provincial de Lugo en fecha 15 de mayo de 2025, notificada al Ayuntamiento de Ribadeo el 27 de octubre de 2025, por la que se

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	86/92

desestima el recurso de reposición interpuesto por el recurrente en fecha 11 de abril de 2025 contra la RESOLUCIÓN del Expediente Sancionador nº 10/2024, por la que se impuso al Exmo. Ayuntamiento de Ribadeo una sanción de 25.000,00 euros, por una supuesta infracción calificada como muy grave en materia de mantenimiento de carreteras. " o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº 164/2026, de data 27 de agosto de 2026 cuxa parte dispositiva é a seguinte:

"1º. Que debo declarar la INADMISIBILIDAD parcial del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal del Exmo. CONCELLO DE RIBADEO frente a la EXMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, seguido como PROCEDIMIENTO ABREVIADO número 5/2026 ante este tribunal, en cuanto a la pretensión ejercitada por la parte recurrente de que se condene a la Diputación Provincial de Lugo al pago al Excelentísimo Ayuntamiento de Ribadeo del importe de los gastos soportados en el ejercicio de las actividades necesarias de limpieza y desbroce descritas y que ascendieron a la cantidad total de 4.980,- euros, por la existencia de DESVIACIÓN PROCESAL en cuanto a ella.

2º. Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal del Exmo. CONCELLO DE RIBADEO frente a la EXMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO contra la resolución citada en el encabezamiento.
Como consecuencia de lo anterior, ANULO Y DEJO SIN EFECTO la resolución sancionadora de 15 de mayo de 2025 objeto de este recurso.

Las costas procesales –hasta el límite de cuatrocientos euros más impuestos- se imponen expresamente a la administración demandada. "

Visto o informe emitido polo letrado actuante neste procedemento, e tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa) á Xunta de Goberno proponse o seguinte:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº164/2026, de data 27 de agosto, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no PA 0000005/2026.

2º.- A non interposición de recurso de apelación fronte á citada Sentenza segundo os termos sinalados no informe emitido polo letrado intervinte neste procedemento.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	87/92

3º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

4º.- Quedar á espera da práctica de taxación de custas polo Letrado da Administración de Xustíza para proceder ao seu abono.

A xunta de Goberno queda enterada

2º.- Dación de conta e cumprimento da Sentenza nº 254/2026, de data 21 de setembro de 2026, ditada polo Tribunal de Instancia Sección Civil, Praza nº 4 de Lugo no Procedemento Ordinario ORD 97/2025.

Dase conta do Procedemento Ordinario ORD 97/2025 seguido a instancia da Xunta de Galicia exercitando a acción de retracto da finca adquirida pola Deputación Provincial de Lugo referida á Torre de Caldaloba, o Tribunal de Instancia Sección Civil, Praza nº 4 de Lugo ditou a Sentenza nº 254/2026, de data 21 de setembro de 2026 cuxa parte dispositiva é a seguinte:

"FALLO
Que ESTIMANDO ÍNTEGRAMENTE la demanda interpuesta a instancia de XUNTA DE GALICIA, representada y defendida a través del Letrado de la Xunta de Galicia, contra la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, representado y asistida a través de los Letrados de la Diputación,
DEBO DECLARAR Y DECLARO el derecho de la Xunta de Galicia a retraer la finca adquirida por la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ, y la mitad Oeste de la Torre de Caldaloba situada en dicha parcela), condenando a la demandada a que otorgue escritura de venta a favor de mi representado y en las mismas condiciones en que adquirió la referida finca, bajo apercibimiento de otorgarla de oficio si no lo hiciera.
Todo ello con la obligación de la actora de abonar los gastos necesarios que tuvo que afrontar la demandada para la compra del inmueble en los términos previstos en esta resolución.
Las costas procesales se imponen a la parte demandada".

Visto o informe emitido polo letrado actuante neste procedemento, que é do seguinte teor literal:

"INFORME DA ASESORÍA XURÍDICA EN RELACIÓN COA CONVENIENCIA DE INTERPOÑER RECURSO DE APELACIÓN FRONTE A SENTENZA Nº 254/2026 DITADA POLA PRAZA Nº 4 DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DA SECCIÓN CIVIL DE LUGO

O presente informe emítese a petición da Dirección da Asesoría Xurídica Provincial, a efectos de analizar a conveniencia de interpoñer o recurso de apelación que ofrece a sentenza identificada no encabezamento deste escrito.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	88/92

Visto que no Procedemento Ordinario ORD 97/2025 se ditou a Sentenza nº 254/2026 que estimou a demanda presentada pola Xunta de Galicia en relación co exercicio do dereito de retracto da finca adquirida pola Deputación Provincial de Lugo referida á Torre de Caldaloba.

Visto que a parte dispositiva da referida Sentenza é do seguinte teor literal:

"FALLO
Que ESTIMANDO ÍNTEGRAMENTE la demanda interpuesta a instancia de XUNTA DE GALICIA, representada y defendida a través del Letrado de la Xunta de Galicia, contra la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, representado y asistida a través de los Letrados de la Diputación,
DEBO DECLARAR Y DECLARO el derecho de la Xunta de Galicia a retraer la finca adquirida por la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (parcela con referencia catastral 27015A037003040000SÍ, y la mitad Oeste de la Torre de Caldaloba situada en dicha parcela), condenando a la demandada a que otorgue escritura de venta a favor de mi representado y en las mismas condiciones en que adquirió la referida finca, bajo apercibimiento de otorgarla de oficio si no lo hiciera.
Todo ello con la obligación de la actora de abonar los gastos necesarios que tuvo que afrontar la demandada para la compra del inmueble en los términos previstos en esta resolución.
Las costas procesales se imponen a la parte demandada".

Visto que a devandita Sentenza sinala que non é firme por caber fronte a ela recurso de apelación ante a Audiencia Provincial de Lugo.
Visto que na Xunta de Goberno Provincial de data 21 de novembro de 2025 se acordou o seguinte a respecto da referida controversia:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA O INICIO FORMAL E OFICIAL DAS NEGOCIACIÓNS COA XUNTA DE GALICIA RELATIVAS AO PROCESO XUDICIAL DA TORRE DE CALDALOBA.
Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:
"Visto o acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo de data 26 de setembro de 2025 onde se resolvía que polos letrados da Asesoría Xurídica se solicitase a suspensión do procedemento xudicial ORD 97/2025 do que está a coñecer o Xulgado de Primeira Instancia nº 4 de Lugo en relación coa demanda de retracto interposta pola Xunta de Galicia verbo da adquisición dunha parcela de 19.596 metros cadrados que inclúe a metade da Torre de Caldaloba -53 metros cadrados de planta-.
Visto que na Audiencia Previa que tivo lugar o pasado día 14 de outubro na sede de dito Xulgado de Primeira Instancia, o representante procesual da Deputación de Lugo

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	89/92

solicitou a referida suspensión do procedemento a fin de poder negociar un acordo transaccional entre as partes, sendo aceptada dita suspensión polo Letrado da Xunta de Galicia.
Visto que con data 15 de outubro foi ditado Decreto polo Sr. Letrado de Administración de Xustiza de dito Xulgado de Primeira Instancia nº 4 acordando suspender dito proceso xudicial por prazo de sesenta (60) días.
Visto que o referido Decreto foi notificado polo Xulgado á Asesoría Xurídica da Deputación con data 21 de outubro de 2025, é polo que, a Deputada Delegada de Cultura formula á Xunta de Goberno Provincial a seguinte proposta:
1º.- Acordada a suspensión polo Xulgado de Primeira Instancia nº 4 logo da petición de mutuo acordo na Audiencia Previa, cómpre iniciar formal e oficialmente as negociacións coa Xunta de Galicia a fin de poñer fin cando antes á controversia suscitada entre as partes no referido procedemento xudicial, comunicando que a Deputación Provincial de Lugo non se opoñerá á efectividade do dereito de retracto exercitado xudicialmente pola representación procesual da Administración autonómica, con entrega do ben litixioso, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
a).- Que a Xunta de Galicia abone á Deputación de Lugo o prezo de adquisición de dito ben, por importe de 106.000 euros, máis os xuros legais que correspondan, así como os gastos necesarios que tivo que afrontar a Deputación, que ascenden a un total de 4.018,65 euros (3.545,30 € correspondentes á factura de Promove Xestión Técnica SLP + 10,91 € da factura expedida polo Rexistro da Propiedade de Vilalba) + 462,44 € correspondentes aos honorarios da Notaría de Montserrat Trigo Mayor, de Lugo).
b).- Que a Xunta de Galicia, a través do instrumento xurídico que se considere adecuado, se comprometa a garantir e facer efectiva a protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba de cara á súa posta en valor, preservando así o seu valor histórico, simbólico e arqueolóxico.
2º.- Dar traslado da presente proposta ao órgano competente da Xunta de Galicia a fin de poder chegar a un acordo de carácter transaccional que poña fin á controversia xudicial con lealdade institucional entre ambas Administracións".
Do teor do anterior acordo derívase que as condicións propostas pola Deputación Provincial de Lugo coinciden substancialmente cos efectos da Sentenza a que se refire o presente informe. A respecto, cómpre destacar que o apartado b) anteriormente transcrito foi aceptado implicitamente pola Xunta de Galicia cando no escrito procesual de 30 de decembro de 2025 poñía de manifesto que se trata de un ben declarado BIC, polo que lle corresponde á Comunidade Autonóma a defensa e promoción do mesmo nos termos establecidos na lexislación de patrimonio cultural de aplicación. Dicía así o referido escrito do representante procesual da Xunta de Galicia:
"b) Al correlativo del acuerdo de adverso. Respecto al condicionado referido a que por la Xunta de Galicia se comprometa a hacer efectivo la protección, conservación, restauración y consolidación del bien litigioso.
Decir que el bien en cuestión fue declarado BIC con la categoría de monumento conforme a lo dispuesto por el decreto de 22 de abril de 1949 (BOE n.º 125, de 5 de mayo), quedando sujeto a lo dispuesto en la adicional segunda de la Ley 16/85, de 25 de junio, de Patrimonio histórico español y la adicional primera de la Ley gallega

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	90/92

5/16, de 4 de mayo, de Patrimonio cultural de Galicia. Figurando inscrito en el registro de bienes de interés cultural de Galicia y en el Registro de bienes de interés cultural de la Administración General del Estado. Todo ello otorga al bien litigioso un régimen jurídico propio de los bienes de interés cultural sujetos a esa normativa sectorial.
Por otra parte, el artículo 148.1 de la Constitución española reconoce el derecho de las comunidades autónomas para asumir competencia en materia de patrimonio monumental de interés de la comunidad autónoma o en materia de fomento de la cultura; competencia estatutaria asumida en los artículos 27.18 y 32 del Estatuto de Autonomía de Galicia y, en este marco, el Estatuto de autonomía de Galicia asumió, en su artículos 27.18, la competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico y arqueológico de interés de Galicia, estableciendo el artículo 32 del Estatuto de autonomía de Galicia que le corresponde a la Comunidad Autónoma la defensa y la promoción de los valores culturales del pueblo gallego.
[…]".
Á vista do anterior, e estando acreditado que a vontade da Deputación Provincial de Lugo no devandito procedemento foi que non se opoñería á efectividade do retracto sempre que se garanta a protección, conservación, restauración e consolidación do referido ben, entendemos que un posible recurso de apelación unicamente atrasaría a efectividade da vontade da propia Deputación Provincial existindo, ademais, serias dúbidas de que puidese prosperar dito recurso á vista da argumentación xurídica da Sentenza, esta Asesoría Xurídica propón que se considere polo órgano competente provincial a non interposición de recurso de apelación fronte a referida Sentenza.

O presente informe ten, consonte a normativa de aplicación, a natureza de facultativo, non vinculante nin determinante.

É o que se informa, sometido, como sempre a calquera outra opinión mellor fundada en Dereito".

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa) á Xunta de Goberno proponse o seguinte:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº 254/2026, de data 21 de setembro, ditada polo Tribunal de Instancia Sección Civil, Praza nº 4 de Lugo no Procedemento Ordinario ORD 97/2025.

2º.- Non interpoñer recurso de apelación fronte á citada Sentenza segundo os termos sinalados no informe emitido polo letrado intervinte neste procedemento.

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	91/92

3º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza dando conta aos correspondentes Servizos da Deputación a fin de que realicen os trámites necesarios para a súa efectividade.

4º.- Requirir á Xunta de Galicia a fin de que dea cumprimento estrito ás súas obrigas legais respecto á protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba de cara á súa posta en valor, preservando así o seu valor histórico, simbólico e arqueolóxico.

5º.- Quedar á espera da práctica de taxación de custas polo Letrado da Administración de Xustiza para proceder ao seu abono.

A xunta de Goberno queda enterada

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Fecha y Hora**	20/10/2026 09:57:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QCLSGEJ2QW7SUUAQ75LHAQ	**Página**	92/92